



Lección 12: San Salvador de Padreiro

San Salvador de Padreiro - Santa Comba - A Coruña

Comarca do Xallas: Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Vimianzo.

Lugares de interese: Fervenza do Ézaro, Monte Pindo, Castro de Borneiro, Castelo de Vimianzo, Ponte romana de Brandomil.

Festas e celebracións: festa do bolo do pote, festa da faba, festas do Carme do Ézaro etc.




San Salvador de Padreiro

Lingua e sociedade: tiramos algúns datos

San Salvador de Padreiro pertence ao bloque occidental

- A comarca do Xallas ten influencia da área bergantiñá e fisterrá debido á súa proximidade.
- Destacamos desta zona (e da comarca en xeral) o seu carácter de fala de transición: claramente occidental pero con fortes afinidades a outras áreas citadas anteriormente.



Vocabulário: os ofícios



Electricista



**Garda de
seguridade**



Carteira



Recepcionista



Coidador/a



Limpador/a



Albanel



Mestre/a



Doutor/a



Enfermeiro/a

Vocabulario: os ofícios



Avogado/a



Mecánico/a



Panadeiro/a



Carpinteiro/a



Pintor/a



Funcionario/a



Modista/o



**Peiteador/
peiteadora**

As lendas da Comarca do Xallas

Arredor da Comarca do Xallas existen múltiples lendas. Unha delas sitúase na Fervenza do Ézaro que afirma que baixo as súas augas agóchase unha serpe xigante.

As augas desta fervenza son especiais porque é a única fervenza de Europa que cae directamente no mar. Dise que foi San Pedro (ou San Xoán, segundo a lenda) quen, para librar á poboación dunha serpe que atemorizaba a animais e humanos, fixo que a fervenza caera directamente no mar e creou así un lugar para esconder a serpe.

Dise tamén que nas noites de lúa chea pode escoitarse o asubío da serpe mesturado co estrondo da auga e quen se atreva a mergullarse nas augas, poderá atopar ouro.

Para saber máis... como expresar necesidade

Necesitar + verbo en infinitivo: necesito poñer(lle) unhas solas
novas aos zapatos

Necesitar que + verbo en presente de subxuntivo: necesitates que
o canteiro vos faga unhas pedras para esa esquina

Para saber máis... os pronomes interrogativos

- **Que:** empregámolo en preguntas abertas con ou sen referencia a un substantivo en concreto. *Que che gustaría ser de maior?*
- **Cal/Cales:** utilizámolo cando preguntamos por algo ou alguén dentro dun conxunto, normalmente para propoñer unha escolla ou exclusión. *Destes traballos que che indico, cal prefires facer?*

Recomendación

Revista Obradoiro de Artesanía

Publicación anual de Artesanía de Galicia

Xuño 2025

Está dispoñible xa o novo número da nosa revista Obradoiro de Artesanía, unha publicación especializada na divulgación e na promoción dos nosos oficios artesanais e do talento dos profesionais do noso sector.

[Descarga a revista completa.](#)

PUBLICACIÓN ANUAL DE
ARTESANÍA DE GALICIA

ANNUAL PUBLICATION FROM
ARTESANÍA DE GALICIA

XUÑO / JUNIO
JUNE 2025

OBRADOIRO
DE ARTESANÍA

